

Memoria anual de actividades

2013

A asociación empresarial mais social

CEGASAL
ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALEGA DE CENTROS
ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO

Tel. 981 57 46 98

Rúa Modesto Brocos, 7,
bloque 3 baixos, 15704
Santiago de Compostela, A
Coruña

www.cegasal.com
www.cegasal.com


Índice

Información corporativa	1
Áreas de Xestión	
Obxectivos anuais.	5
Descrición de accións	6
Avaliación e resultados	7
Anexo I: actividades participativas	19
Anexo II: iniciativas asociadas	27
Anexo III: Financiamento público recibido	32
Información de contacto	33

Presentación, organigrama, recursos humanos e instalacións

CEGASAL nace no ano 1997 pola necesidade dun grupo de entidades do Terceiro Sector do movemento asociativo de persoas con discapacidade que puxeron en marcha un conxunto de iniciativas empresariais de Economía Social e sen ánimo de lucro, baixo o amparo legal previsto na Lei de Integración Social das Persoas con Discapacidade, actualmente refundida xunto con outras normas que proclaman e protexen os dereitos das persoas con discapacidade, no Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Rfundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

O obxectivo era dar efectividade a previsión da fórmula do emprego protexido para persoas con discapacidade a través da creación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e de iniciativa social e defender os intereses comúns dos mesmos, tanto dende a vertente social pola que foron creados como da súa vertente empresarial que comparte co resto de empresas do sector produtivo ao que pertencen. A finalidade dos centros especiais de emprego é asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade, á vez que ser un medio de inclusión do maior número de persoas no réxime de emprego ordinario. E esta finalidade alcánzase mediante a realización no centro especial de emprego dunha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, a través da prestación a través das unidades de apoio os servizos de axuste persoal e social que requiran as persoas traballadoras con discapacidade do centro, segundo as súas circunstancias.



CEGASAL ten unha estrutura similar a de calquera asociación empresarial.

Para dar cumprimento aos fins da entidade organizamos unha estrutura baixo parámetros da Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do Dereito de Asociación Sindical, no que a Asemblea Xeral formada por todos os membros da organización, asume funcións sobre a entidade que son executados polas áreas de xestión e baixo as indicacións da Xunta Directiva e o Presidente en representación da entidade.

A idiosincrasia de CEGASAL adoptou a necesidade de crear un Órgano de Control e Supervisión específico no cal participasen as entidades promotoras dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro de cara a preservar a finalidade

dos mesmos, de garantir a adecuación das actuacións ás políticas activas de emprego dirixidas ás persoas con discapacidade e no seu caso, de manter un contacto continuo e directo coa realidade das persoas con discapacidade e as súas familias.

CEGASAL conta con instalacións en réxime de aluguer situadas na rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 en Santiago de Compostela, cun despacho habilitado e equipamento informático así como autorización de uso da liña telefónica, acceso a internet e unha centraliña compartida.



A nivel de recursos humanos conta cunha axente de emprego contratada que realiza as xestións encargadas pola dirección e as accións de promoción económica e de fomento do emprego que pon en marcha a entidade. De xeito puntual e segundo as necesidades da entidade, reforza o persoal con contratacións temporais para apoio das actividades.

Presenza institucional

CEGASAL está presente e participou durante o ano 2013, a través dos seus representantes ou persoas designadas en distintos organismos oficiais e en outras organizacións empresariais ou entidades sociais, poñendo en valor as inxerencias e necesidades do sector de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e o ámbito da situación laboral das persoas con discapacidade.

- **Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)**

Neste ano 2013 CEGASAL renova o convenio de adhesión á Confederación tras o transcurso do período inicial de 5 anos, polo que continuou a participar nas reunións de Xunta Directiva, nas Asembleas Xerais convocadas, así como en actividades organizadas pola Confederación de xeito directo ou como colaborador, así como nas reunións de planificación das actuacións da entidade.

- **Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC)**

Durante este ano 2013 tivo lugar a entrada de CEGASAL na Confederación de Empresarios de A Coruña polo que pasa a formar parte como entidade asociada e, de xeito automático o presidente quedou integrado no Consello de Presidentes, órgano de goberno da Confederación.

- **Federación Empresarial Española de Asociacións de Centros Especiais de Emprego (FEACEM)**

Dende que CEGASAL acordou solicitar a entrada en FEACEM, a colaboración que se mantén coa Federación continúa a ser constante e efectiva. Neste ano a participación baseouse na colaboración nos proxectos que se presentaba, na asistencia a reunións de Xunta Directiva ou na colaboración de cara a elaboración de estudos relativos á situación actual dos centros especiais de emprego e medios de promoción comercial, así como sobre a evolución do mercado de traballo das persoas con discapacidade.

- **Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego de COCEMFE (AECEMCO)**

A participación en AECEMCO fundaméntase na asistencia ás reunións de Xunta Directiva da entidade, ben de xeito directo ou como representante dos centros especiais de emprego asociados; na realización de accións de promoción comercial dos centros especiais de emprego mediante ferramentas interactivas e outras actuacións que foron organizándose entre as entidades.

- **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**

Como entidade integrada en COGAMI, CEGASAL participou nas xuntanzas da Xunta Directiva, nas Asembleas Xerais convocadas así como en varias actividades e actuacións organizadas sempre e cando facilítase o cumprimento dos fins da organizacións establecidos nos estatutos.

- **Grupo empresarial Galega de Economía Social**

Alguns dos membros da directiva de CEGASAL participa nas xuntanzas do Consello de Administración do grupo empresarial COGAMI así como en reunións de coordinación, co fin de manter

un contacto directo coas necesidades das iniciativas, así como modo de aproveitar sinerxias de mellora da calidade e promoción comercial das iniciativas asociadas.

- **Consello Galego de Benestar Social**

Este órgano público de carácter consultivo constituído no mes de agosto de 2013 está dirixido a a ser a ferramenta de avaliación e mellora do sistema de servizos sociais de Galicia e constitúe unha vía de diálogo dos axentes sociais para dar resposta as necesidades cidadás. Cegasal participou no mesmo a través da designación de representantes por parte da Confederación de Empresarios. A participación efectúase mediante a asistencia ás xuntanzas convocadas ao efecto e no traballo sobre a documentación e temáticas tratadas nas mesmas.

- **Consello Galego de Acción Voluntaria**

A participación de CEGASAL neste órgano consultivo veuse reforzado no mes de marzo de 2013 tras ser designado unha persoa da nosa entidade como vogal por parte da Confederación de Empresarios. A participación efectúase mediante a asistencia ás xuntanzas convocadas ao efecto e no traballo sobre a documentación e temáticas tratadas nas mesmas.

- **Comisión sociosanitaria de COGAMI**

CEGASAL participa activamente nas reunións da comisión sociosanitaria de COGAMI posta en marcha pola entidade no ano 2013 co fin de estar ao tanto das modificacións e reivindicacións que se están a producir neste eido nos últimos anos.

- **COCEMFE**

Esta entidade a nivel estatal é representativa das necesidades das persoas físicas e orgánicas e puxo en marcha iniciativas empresariais do emprego protexido, polo que a colaboración entre CEGASAL e COCEMFE é habitual mediante a asistencia a xuntanzas, preparación de documentación entre outras accións.



Obxectivos anuais. Descrición de accións e avaliación

CEGASAL durante o ano 2013 mantivo unha liña continuísta na súa actividade e centrou esforzos de cara a promoción e visibilización comercial dos centros especiais de emprego asociados, a mellora das relacións laborais no sector e o incremento daa participación e apoio institucional que presta a entidade ás iniciativas.

Obxectivos anuais

As accións realizadas responden ás necesidades de actuación da entidade para dar *cumprimento aos obxectivos que se definen a continuación*



- Incrementar a representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados
- Prestar asesoramento e información nas diversas áreas de actuación das iniciativas asociadas
- Incrementar a formación das persoas traballadoras con discapacidade, e de xeito especial, do persoal que presta servizos nas iniciativas asociadas.
- Creación de servizos comúns e/ou incremento da promoción e colaboración empresarial

▪ Visibilización das iniciativas empresariais asociadas



- Mellora do posicionamento das iniciativas empresariais asociadas
 - Mellorar a situación socio laboral das persoas con discapacidade
 - Incremento da capacidade comercial dos centros especiais de emprego asociados
 - Sufragar e apoiar o mantemento da sede social da entidade, que constitúe a oficina e punto de atención permanente dende onde se realizan todas as xestións e actividades, toma de decisións e/ou actuacións administrativas
 - A incorporación de Cegasal a outras entidades de interese para o cumprimento dos seus fins.
- Facilitar a participación e presenza da entidade en foros, congresos, seminarios en actividades de interese xeral

-
- Incrementar o nivel de empregabilidade das persoas con discapacidade
 - Resolución de conflitos de tipo laboral que se susciten no marco das relacións laborais dos centros especiais de emprego asociados
 - Promover e desenvolver convenios de colaboración
 - Impulsar a viabilidade dos centros especiais de emprego membro
 - Posicionar no campo do sector empresarial a figura dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro
 - Facilitar o acceso á internacionalización dos centros especiais de emprego asociados
 - Visibilizar a labor das empresas de economía social vinculadas ao movemento asociativo de persoas con discapacidade
 - Mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras nos centros especiais de emprego de Galicia
 - Potenciar a colaboración do sector empresarial coas entidades sociais e as empresas de economía social
 - Colaborar coas Administracións Públicas na necesidade de apoiar estas iniciativas a través da reserva de contratos públicos ou outras ferramentas que faciliten o cumprimento dos fins da entidade, previstos nos seus estatutos.

Descrición de accións

- **Área de Formación.**
- **Área de información e asesoramento: Centro de atención e información.**
- **Bolsa de emprego e xestión de currícula**
- **Área de Relacións laborais.**
- **Programa de promoción dos centros especiais de emprego asociados.**
- **Área de comunicación e proxección social.**
- **Xestión económica e promoción comercial.**

Avaliación e resultados

🚦 Área de formación

CEGASAL puxo en marcha no ano 2013 dúas accións formativas financiados por parte da Consellería de Traballo e Benestar, no marco da convocatoria de subvencións a plans de formación de entidades da economía social dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas baixo o número de expediente PF-2012000097.

1) CÓDIGO A.F.: AF-2012/000956 CURSO DE ANIMACIÓN SOCIAL DE PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN.

Neste curso de 45 horas de duración participaron un total de 19 persoas, das cales 4 eran persoas que se atopaban en situación de desemprego e o resto prestaban servizos en empresas do sector de atención á persoas maiores y/o con discapacidade. En relación ao sexo, indícase que eran maioritariamente mulleres e só participaron 2 homes.



A maioría das persoas participantes pertencían a colectivos prioritarios por concorrer neles, a condición de persoa con discapacidade. O curso tivo lugar na aula de formación situada en Fontiñas, rúa Dublín, ° 3 baixos, en Santiago de Compostela e contou coa participación de dúas profesoras ademais das titorías correspondentes á modalidade mixta que foi elixida dende a súa planificación.

Desenvolveuse entre o día 27/04/2013 e o 21/06/2013.

2.) AF-2012/000962

CONDUCCIÓN EFICIENTE DE VEHÍCULOS

Neste curso de formación de 35 horas de duración impartido en modalidade mixta, desenvolto durante o período 27/04/2013 ao 07/06/2013, participaron un total de 22 persoas, véndose incrementada a participación inicial prevista de 19.

Coincidiu que todas as persoas participantes foron homes, e a súa maioría eran persoas con discapacidade. Do total de participantes 3 persoas atopábanse en situación de desemprego e o resto prestaban servizos no centro especial de emprego COREGAL, S.L. polo que melloraron as súas habilidades á hora da realización do seu traballo.

A impartición tivo lugar nas instalacións da autoescola Santa Eulalia, situadas no polígono industrial do Tambre en Santiago de Compostela.



A imaxe tomouse o último día da formación e tras realizar a última práctica do curso.



Co fin de dar continuidade á área de formación na entidade, durante o ano 2013 tamén se adoptaron xestións de solicitude dun novo plan de formación de economía social, de cara a súa execución na

seguinte anualidade, mediante accións de consulta das necesidades formativas aos centros especiais de emprego asociados, así como preparación da solicitude correspondente e o seguimento e xestión do plan de formación proposto e executado.

Por outra banda, facilítase a formación do persoal contratado e directivo da entidade á xornadas formativas, acudíndose a un total de 7 accións formativas organizadas por entidades alleas.

Tamén se facilita a participación en formación especializada de profesionais dos centros especiais de emprego no Curso de Relacións Laborais que puxo en marcha o Consello Galego de Relacións Laborais.

Área de información e asesoramento.

Na entidade habilitouse o Centro de Atención e información como un espazo de atención a iniciativas asociadas así como do resto de axentes que colaboran coa asociación empresarial e/ou persoas con discapacidade e empresas, situada na sede da entidade en Santiago de Compostela.

A través desta área que conta co apoio económico da Consellería de Traballo e Benestar no marco da convocatoria de subvencións para asociacións empresariais de centros especiais de emprego se ben o servizo préstase de xeito continuo, durante o ano 2013 realizáronse as seguintes actuacións:

- **Resolución de consultas:** Un total de 134 consultas atendidas procedentes de persoas con discapacidade, entidades sociais, empresas e profesionais de diversos ámbitos en materia de inserción socio laboral de persoas con discapacidade e/ou material laboral e prestacional.
- **Análise da evolución dos centros especiais de emprego:** Conxunto de accións realizadas directa ou en colaboración con outras entidades de cara á elaboración do “novo modelo de emprego protexido”, “estudos de débeda activa” e as previsións de modificación de normativa asociada ou propostas de mellora.
- **Análise da evolución do emprego das persoas con discapacidade:** Conxunto de accións realizadas directa ou en colaboración coa evolución do mercado de traballo das persoas con discapacidade e que permiten atender ás previsións de modificacións normativas ou propostas de mellora.
- **Consulta e creación do buzón de lexislación e normativa de interese:** Conxunto de accións destinadas a localizar a normativa de interese e referencia para o sector, localización de licitacións públicas de interese para os centros especiais de emprego.
- **Análise do sector empresarial e actividade económico-comercial:** Conxunto de tarefas de estudo de borradores de normas e ordes de axudas, de xeito directo ou en colaboración con outras entidades, de cara a mellorar as oportunidades dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.
- **Dossier informativo de prensa:** Envío diario de dossier informativo de prensa coas novas sociais, empresariais e do sector publicadas.

-
- **Circulares informativas:** Elaboración e difusión de información ás iniciativas empresariais asociadas.

Bolsa de emprego e xestión de currícula

CEGASAL conta cun convenio de colaboración con entidades colaboradoras co Servizo Público de Emprego especializado en persoas con discapacidade polo que todos os currículums vitae recibidos en CEGASAL son clasificados segundo o tipo de candidatura e perfil profesional, e se reenvía ás entidades correspondentes de cara a facilitar a intermediación especializada máis correcta.

Durante o ano 2013 foron un total de 17 persoas que remitiron o seu currículum a CEGASAL, principalmente a través do correo electrónico, das cales 12 eran de mulleres e 5 enviados por homes.

Relacións laborais:

Na área das relacións laborais, CEGASAL continúa a ser o interlocutor en materia de negociación colectiva do sector de centros especiais de emprego galegos polo que participou nas xuntanzas e actividades do Consello Galego de Relacións Laborais xunto cos axentes sindicais.

A estes efectos e durante o ano 2013 asistimos a varias xuntanzas da comisión paritaria do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego vixente, que poden ser consultadas na lista de actividades adxunta.

Por outra banda, e fronte os conflitos laborais xurdidos nos centros especiais de emprego asociados CEGASAL interviu nos conflitos individuais e/ou colectivos surxidos cunha posición de mediación, orientación e información ás partes que facilite a resolución do conflito, así como de apoio á dirección dos mesmos

Programa de promoción dos centros especiais de emprego asociados

Este programa consiste no conxunto de actuacións de diversa índole que permiten á CEGASAL introducir a perspectiva sobre a integración laboral das persoas con discapacidade no mercado de traballo, dando a coñecer as súas capacidades, así como demostrar o labor que os centros especiais de emprego realizan cun produto e servizo de calidade e que ben pode ser complemento da empresa ordinaria. Outro dos obxectivos é fomentar a contratación de persoas con discapacidade na empresa, o cumprimento da cota 2% e medidas alternativas; visitas a empresas; sensibilización sobre a discapacidade e inserción laboral así como difusión dos incentivos á contratación.

O programa está cofinanciado pola Consellería de Traballo e Benestar no marco da convocatoria de subvencións de mantemento de asociacións de centros especiais de emprego.

Integran as seguintes accións no programa:

- **Participación activa en diversos órganos consultivos de carácter público**

Grazas a condición de integrante da Confederación de Empresarios de Galicia, exercendo ademais dos intereses empresariais segundo as directrices da institución, a defensa dos intereses xerais dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, así como da promoción dos dereitos e promoción socio laboral das persoas con discapacidade.

Entre outros destacan, a participación na **Mesa do Diálogo Social**, no **Consello Galego de Acción Voluntaria**, no **Consello Galego de Benestar Social**.

- **Asistencia ao almorzos Forum Europa Tribuna Galicia**

Forum Europa Tribuna Galicia de Nova Economía Fórum é a tribuna política de referencia en España, onde se expoñen dende distintos puntos de vista, os feitos políticos máis importantes que teñen lugar no noso país.

CEGASAL considerou de interese acudir a este tipo de foros públicos onde se tratan aspectos que inflúen nos centros especiais de emprego asociados como instrumentos legais que existen na realidade das políticas activas de emprego do noso país.

Apóiase a asistencia de CEGASAL non só para coñecer e ter información actual sobre as distintas temáticas tratadas dos encontros, senón como ferramenta de difusión, posibilitar contactos e relacións comerciais.

A metodoloxía utilizada para esta actividade será por medio de inscrición ao evento a través do sistema interactivo habilitado, a asistencia e posterior planificación dos contacto institucionaiscomerciais e posta en común de proxectos e iniciativas.

A entidade optou por asistir a 23 encontros celebrados en Galicia por secorresponsables coa situación económica actual, primando criterios de eficiencia e austeridade.

- **Encontro empresarial coa Asociación de empresarios do Polígono do Tambre**

O pasado 5 de agosto de 2013 tivo lugar o encontro empresarial de CEGASAL coa Asociación de empresarios do polígono do Tambre no cal se concentraron un conxunto de empresarios da contorna para coñecer as liñas de actuación da entidade, coñecer as accións que poden realizar de cara a promover a contratación de persoas con discapacidade, ou a adopción de medidas alternativas.

- **Sinatura do convenio de colaboración coa Asociación Executivas de Galicia:**



Durante a xornada do día 28 de febreiro de 2013 tivo lugar a sinatura do convenio de colaboración coa Asociación executivas de Galicia no Hotel San Francisco no cal un total de 38 persoas, a maioría mulleres que ocupan postos directivos en

empresas galegas e representantes das Administracións públicas, como o Director Xeral de Promoción do Emprego, coñeceron de primeira man que é Cegasal e espazo que ocupa no mercado e se detallaron as liñas de acción que recolle o convenio de colaboración e modo de levalo a cabo, como o fomento da contratación directa, cumprimento da cota de 2%, adopción de medidas alternativas, prácticas en empresas, entre outras. No marco do convenio constituíuse unha comisión de seguimento composta por persoas de ambas entidades que determinarán o protocolo e/ou modo de actuación para dar eficacia a este convenio.



- **Integración da Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC):**

No mes de setembro adoptouse a decisión de que CEGASAL se integrase na Confederación de Empresarios de A Coruña, e xa con carácter previo se mantiveron xuntanzas, contactos e colaboracións coa dirección da Confederación de cara a dar a coñecer a entidade e presentarlle os fins da mesma.

A raíz de esta integración ofrécese información e contacto dos servizos e das posibilidades de colaboración conxunta tanto na promoción da inserción socio laboral das persoas con discapacidade como o incremento das relacións comerciais que melloren a situación dos CEE's asociados, recíbese información empresarial actualizada, posibilidades de participación en formación e xornadas, así como tamén accións de alegacións en documentación.

- **Xornada Oportunidades para todos, xestionando a integración. Sesión Coruña:**

O pasado 5 de febreiro de 2013 o Presidenta da entidade participou e impartiu unha conferencia no marco da **“Xornada sobre responsabilidade social empresarial” na cidade de A Coruña**, organizada pola Escola de negocios de Novagalicia Banco onde se tivo a oportunidade de presentar os CEE's.



- **Xornada Oportunidades para todos, xestionando a integración. Sesión Vigo**

Participouse nunha segunda sesión celebrada o 6 de febreiro de 2013 a través da conferencia no marco da **Xornada sobre responsabilidade social empresarial”** que tivo lugar na cidade de **Vigo**, a cargo do Presidente da entidade.



- **Promoción da reserva de contratos públicos para centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.**

Un dos obxectivos da entidade é reafirmar o compromiso por parte da Xunta de Galicia e os órganos de contratación coa viabilidade dos CEE´s existentes de modo que se promove a modificación normativa en aras de establecer unha porcentaxe obrigatoria de contratos públicos reservados a este tipo de iniciativas empresariais.

Para alcanzar este obxectivo, durante o ano 2013 realizáronse as seguintes accións:

- Reunións con responsables políticos propoñéndolles dita reserva e o establecemento do carácter obrigatorio (non potestativo como agora) da reserva.
- Presentación por rexistro dunha proposta normativa dirixida a modificación da Lei de contratos do sector público, e da lei galega de medidas que recolle a reserva de contratos.
- Entrevistas co Presidente da Xunta de Galicia

- **Promoción empresarial da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e/ou cumprimento da cota 2%.**

Como un obxectivo principal da entidade é a promoción da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o cumprimento da cota de reserva do 2%, CEGASAL realizou as seguintes accións durante o 2013 para alcanzar este obxectivo:

-
- Visitas a empresas de diferentes sectores
 - Difusión dos materiais divulgativos e promocional de Cegasal e da cota de reserva do 2%.
 - Visitas a asociacións empresariais sectoriais e comarcais

- **Promoción empresarial mediante a adopción de medidas alternativas.**

Tras observar que as empresas obrigadas á contratación solicitaban cumprir a cota mediante a adopción dunha medida alternativa, CEGASAL adoptou durante o ano 2013, e sempre que se observase que a empresa non desexaba contratar, accións dirixidas a promover a concertación de medidas alternativas, especialmente as que conlevaban unha contratación de bens e servizos a centros especiais de emprego.

Con este obxecto, as accións realizadas durante ano 2013 foron:

- Visitas a empresa de diferentes sectores
- Difusión dos materiais divulgativos e promocionais das medidas alternativas
- Visitas a asociacións empresariais sectoriais e comarcais.

- **Accións destinadas a establecer acordos con entidades financeiras que faciliten o acceso ao crédito en condicións vantaxosas.**

Para alcanzar o obxectivo de facilitar o acceso ao crédito aos CEE´s asociados, CEGASAL mantivo ao longo do ano xuntanzas con directivos das entidades financeiras mais destacadas.

En ditas xuntanzas propoñíase á dirección da entidade que establecera unha data de visita ás instalacións de algún dos CEE´s asociados co fin de que observase “in situ” en que se destinan as contías económicas.

No marco destas xuntanzas que tiveron lugar na sede da entidade, ou nas oficinas das entidades financeiras, facilitáronse contactos aos CEE´s asociados

- **12. Participación en “Puntos de Encontros empresariais no marco da Rede Empresarial para a internacionalización PEXGA” e/ou a través dos puntos de encontros organizados polo Igape.**

Dende hai dous anos, CEGASAL aposta por facilitar o acceso dos CEE´s ao exterior de modo que preside as relacións internacionais no ámbito da Confederación de Empresarios pero ademais participa activamente nos distintos puntos de encontro que se poñen en marcha dende o IGAPE facilitando os contactos posteriormente, con aqueles CEE´s interesados.

Boa parte do traballo realizado foi a posibilidade de que o CEE HORNOS LAMASTELLE, S.A. tivese entrada no mercado xaponés cos primeiros contactos comerciais e do que esperamos se materialicen nunha actividade comercial continua.

Así entre algunhas das accións previstas, neste eido destacan:

- Difusión da Feira en Tunez, recibida polo TIF en distintas ocasións

-
- Xornada de oportunidades empresarias en Estados Unidos
 - Xornada económica empresarial celebrada en A Coruña.
 - Encontro co presidente da República de Uruguai.

Área de comunicación e proxección social.

Creación, deseño e actualización da web CEGASAL como ferramenta e portal de negocio.

O sitio web da organización empresarial é unha parte fundamental de comunicación para o sector que debe actualizarse constantemente e non só en referencia aos contidos que recolle. Dende o ano 2009 a web www.cegasal.com está dispoñible co fin de ofrecer en calquera momento, información detallada das empresas asociadas, da entidade así como de temática relevantes para o sector, sendo o cálculo da cota de reserva o espazo que mais se visita. Non obstante, dende a directiva de CEGASAL quérese apostar con decisión, por convertela en ferramenta eficaz para alcanzar un maior nivel de negocio para as iniciativas asociadas. Combinar a condición de punto de información e comunicación coa de portal xerador de negocios fai preciso que se deba de abordar os factores que fan de un Sitio Web relevante: o deseño, a tecnoloxía utilizada, a imaxes, textos e aplicación das que dispoña, entre outros. Para levar a cabo esta actuación a entidade concertou o servizo cunha empresa de A Coruña especializada en dita tarefa e estase a realizar as tarefas necesarias para que saia a luz pública a nova web.

Comunicación e difusión

Durante este ano concertáronse varias entrevistas a nivel institucional co fin de promocionar e visibilizar os CEE´s asociados, dando lugar a:

- Entrevista no programa Hoxe por Ti, de Popular TV ao presidente de Cegasal.
- Entrevista ao CEE VIVEIROS VALADARES, S.L. no programa Hoxe por Ti, de Popular TV .
- Entrevista ao CEE COMBINA SOCIAL, S.L. no programa Hoxe por Ti, de Popular TV.
- Entrevista ao CEE TRAMEVES, S.L. no xornal da Voz de Galicia
- Entrevisto ao presidente de Cegasal, no xornal da Voz de Galicia.



○ **Material divulgativo e promocional.**

